



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A REACTIVACIÓN DO TECIDO DEPORTIVO NA CIDADE

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a reactivación do tecido deportivo na cidade.

Exposición de motivos

Sen dúbida unha das grandes riquezas da nosa cidade é a xerada polo mundo do deporte. Tradicionalmente Ferrol conta con grandes clubs e ademais en practicamente todas as disciplinas e categorías. Son moitas as nenas e nenos que realizan actividade física de forma organizada e federada grazas ao rico armazón de deporte base co que contamos. A presenza de equipos da localidade é habitual nas ligas superiores de moitas competicións tanto en categorías femininas como masculina, o que é unha honra.

É difícil referirnos a entidades determinadas, tan amplo é o abanico que sempre nos quedaría alguén sen nomear; pero o certo é que dende hai xa tempo sempre están presentes cando o Concello ten que honrar aos nosos máis destacados veciños e veciñas. Mesmo algún dos deportistas máis importantes do mundo naceu entre nós.

A pesar do triste e demasiado prolongado no tempo declive demográfico, esta situación lonxe de deteriorarse potenciase cada ano. O deporte ferrolán mantén unha extraordinaria vitalidade e aumenta de maneira continua o número de practicantes e espectadores/as.

Calquera que exercese un cargo de representación sabe que é practicamente imposible ter unha axenda razoable a maior parte das fins de semana debido á enorme cantidade de competicións diversas que teñen lugar na nosa cidade.

“O deporte ferrolán está por encima da capacidade que está a demostrar o Concello”, dixo Ferrol en Común desde o goberno e volvémoslo a repetir agora desde a oposición. Isto é especialmente grave xa que, salvo algunha excepción debida a outra administración, todos os clubs adestran e compiten en instalacións municipais.

Da mesma maneira a dificultade para atopar patrocinadores privados condiciona que o respaldo económico do Concello sexa fundamental, ou polo menos de gran importancia para que moitas entidades poidan afrontar as súas tempadas.

Nos últimos tempos vemos como este apoio degrádase de maneira irreversible, e na súa maior parte, debido á desaparición dun instrumento áxil na xestión como era o Padroado de Deportes, cun orzamento digno e participado polos representantes do deporte ferrolán.

Son xa demasiados os momentos vividos ao borde do colapso, e os que tivemos a responsabilidade de xestionar a administración local sabemos que o estado de alarma é a situación normal neste terreo. Atrasos nas subvencións, dificultades para xestionar as instalacións deportivas cun persoal limitado e que mingua constantemente (con grandes dificultades para cubrir prazas) e a deterioración e escaseza dos devanditos espazos son a nosa rutina. Convenios para uso de instalacións rematados fai xa oito anos e por tanto con condicións completamente desfasadas ou equipos que se desprazan a outras localidades para adestrar é a nosa normalidade. Todos estes aspectos e moitos outros forman parte da paisaxe que percorren permanentemente unhas directivas que traballan de maneira desinteresada polo ben da nosa sociedade.

Nun mundo deportivo cada día máis esixente, coas condicións requiridas e que precisa de maior planificación e orde, nós, dende o Concello, non podemos responder durante máis tempo con solucións provisionais, urxencias ou parches. Non podemos ademais, porque esa situación condiciona enormemente a posibilidade de expoñer con calma, reflexión e traballo estruturado un futuro que de non cambiar a situación adivíñase incerto.

Non queremos deixar de denunciar ademais a ausencia de respaldo que dende fai xa demasiados anos sofre a nosa cidade neste aspecto en particular, tamén noutros, desde administracións superiores. En Ferrol, unha cidade cun orzamento moi limitado, é moi difícil acometer a construción de novos pavillóns, piscinas, pistas ou diversas infraestruturas que sabemos ben nos demandan dende o asociacionismo deportivo. Basta lembrar que practicamente todas as instalacións en uso na nosa localidade foron construídas ou apoiadas economicamente por administracións como a Xunta de Galicia ou a Deputación da Coruña. Hai moito tempo xa que a nosa petición de recursos, apoiada pola importancia do noso deporte, non é escoitada.

Para terminar esta parte expositiva mostrar a nosa admiración e profundo agradecemento a todos os traballadores e traballadoras municipais que nesta situación precaria esfórzanse por manter este xigante que é o deporte de Ferrol con alicerces tan fráxiles.

Por todo iso propoñemos ao pleno do Concello de Ferrol a aprobación dos seguintes puntos:

- 1- Convocatoria da Mesa Sectorial do Deporte o máis axiña posible co fin de analizar e abordar con urxencia a situación na nosa cidade.

2- Desde o devandito estamento camiñar con paso firme á constitución dun órgano que poida ocupar o espazo ou similar deixado polo desaparecido Padroado. Estamos convencidos que calquera solución estable pasa pola devandita solución que lembramos, era un compromiso do actual goberno.

3- Esixir que Xunta de Galicia e Deputación da Coruña apoiem con recursos ao deporte ferrolán tanto coa construción de novas infraestruturas como no mantemento das existentes.

Ferrol, 18 de xuño de 2020

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized letter 'J' followed by a horizontal line and a small flourish.

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común